

- Completa o seguinte resumo da Idade Media:

A IDADE MEDIA

A Idade _____ comeza coa caída do Imperio romano no ano _____
e remata co _____ no ano 1.492.

- REINO VISIGODO NA PENÍNSULA:

Nos últimos anos do Imperio romano, Hispania recibiu ataques dos pobos _____ como os alanos, os vándalos, os suevos... Un destes pobos, os _____ ocuparon o que naquel momento era Gallaecia. Máis tarde este pobo anexionouse cos visigodos, os cales, cando o Imperio romano de occidente caeu definitivamente, instauráronse na península fundando un reino con capital en _____.

- CONQUISTA MUSULMANA DA PENÍNSULA:

No ano _____ os musulmáns, procedentes de _____ chegaron á península e derrotaron na batalla de _____ ao último rei visigodo chamado _____. A partir de aí conquistaron case toda a península e as illas _____, só quedou sen conquistar unha pequena parte dos pobos cristiáns situada _____.

Os musulmáns chamáronlle ao territorio conquistado _____ e estableceron a súa capital en _____. Este territorio tivo _____ fases.

- REINOS CRISTIÁNS:

Os cristiáns estaban organizados en _____ e _____.

A partir da batalla de Covadonga fundouse o reino de _____ que se foi extendendo e converteuse no reino de León. Unha parte deste reino independizouse e formouse o condado de Castela que máis tarde sería o reino de Castela. Tamén se creou o reino de Navarra, os condados cataláns e o reino de Aragón.

Pouco a pouco os cristiáns ían recuperando territorios ocupados polos musulmáns, isto coñécese co nome de _____ ata que no ano _____ o exército cristián derrotou ás tropas musulmanas na batalla das _____, tras isto seguiron avanzando e só quedou un territorio musulmán por conquistar, era o reino nazarí de _____, o cal foi conquistado finalmente no ano 1.492 polos _____. Finalizando nese ano a Idade Media.